

Prezados alumnos e alumnas de 5º A, 5ºB e 6ºA de Educación Primariado CPI de Cova Terreña:

Recibo a vosa carta chea de orgullo e alegría!

Quedei abraiada co fermosísimo mural que fíxeches des para o 25N, sobre o libro *“As Mulleres que Cultivaban néboas”*.

A boca enorme tan ben debuxada, as pequenas ilustracións interpretando as protagonistas da historia, e todas as frases tan ben escollidas, demostráronme, unha vez máis, o talento que tedes. E é que, a parte de ser uns artistas, sodes uns rapaces que se atreven a reflexionar sobre as emocións de tristura, empatía, medo, mágoa, ledicia etc. que a lectura de un tema tan duro e difícil esperta en vos.

Estes días tiven a oportunidade de ler con calma as vosas preguntas e pensar nunha boa resposta:

Teñen algún significado especial para ti as bolboretas e os paxaros?

As bolboretas e os paxaros representan para min a liberdade e a esperanza. Son pequenos seres que se agochan e que, as veces, pasan desapercibidos, pero sempre están aí, inda que nos non nos decatemos.

Inspirásteche en algo determinado para crealas?


Inspireime nos paxaros que se agochan no xardín da miña casa. Cando estaba traballando no estudo de arte, os paxaros posábanse na parte alta do tellado que se vía dende a miña ventá. Moitas veces miraban para min un ratiño, antes de saltar e voar. Iso fíxome pensar que sempre, inda que non o apreciamos, hai alguén que mira por nos. Xa pode ser un paxaro, unha bolboreta ou unha flor.

Que foi o que che motivou a escribir este libro?

Quería escribir unha historia que axudase a xente a empatizar e entender a dor e o medo que viven os nenos e as nenas en situación de maltrato, e darlle un final cheo de esperanza. Para que nun futuro vos poidades vivir nun mundo sen violencia, máis amable, máis igualitario.

Espero que vos gusten as respostas!

Felices festas e oxalá que o voso amor pola lectura nunca morra.



Un biquiño e unha aperta enorme,
Bea Gregores

